

Enquisa a residentes de Galicia

Setembro 2020

galicia



Introdución e obxectivos


- No contexto do novo escenario turístico que xorde a raíz da pandemia provocada polo Covid19, no que se observan notables incertezas entorno ao futuro máis inmediato e se producen cambios constantes nas pautas de comportamento da demanda turística e na percepción e valoración da poboación, a Área de Estudos e Investigacións de Turismo de Galicia puxo en marcha unha enquisa destinada aos residentes de Galicia cun dobre obxectivo:
 - Coñecer a intención e perspectivas de viaxe neste ano 2020, así como os gustos e preferencias
 - Valorar a súa percepción como residentes acerca do turismo na nosa comunidade
- A enquisa contempla a realización de tres fases ou vagas ao longo deste 2020 co fin de observar diferenzas de valoración e comportamento nos distintos momentos do ano. En particular, defínense os seguintes períodos:
 - 1ª vaga: xuño 2020
 - 2ª vaga: xullo 2020
 - 3ª vaga: setembro 2020
- Os resultados que se mostran a continuación corresponden á terceira e última fase. Neste caso a enquisa realizouse na segunda quincena de setembro, concretamente do 21 ao 30 deste mes.
- O traballo de campo realizouse de forma telefónica, cun total de 1.064 enquisas.
- A mostra é aleatoria estratificada segundo a zona de residencia, cunha afixación proporcional á poboación maior de 15 anos nos tres estratos considerados –cidade, litoral e interior-.
- Aplicáronse cuotas de xénero e idade para manter unha correcta representatividade.
- Nas táboas seguintes amósase a distribución da mostra por idade, xénero, zona do municipio así como outras variables de referencia.

Mostra da enquisa


O reparto da mostra por idade e xénero realizouse de forma proporcional á distribución da poboación residente en Galicia, maior de 15 anos, a 1 de xaneiro de 2020. Con isto obsérvase que a maior porcentaxe de enquisas destínase aos tramos de idade entre 36 e 55 anos –o 35% do total-. Un 15% das enquisas realízase tamén a maiores de 75 anos.

O reparto por xénero leva a que o 48% se destinasen a homes e o 52% a mulleres.

Reparto da mostra por idade



Reparto da mostra por xénero




Mostra da enquisa

Estableceuse un terceiro criterio de reparto das enquisas en función do municipio de residencia. Deste maneira xeráronse 3 estratos: residentes nas cidades –no que se integran as sete cidades de Galicia-, litoral -69 concellos localizados no litoral galego- e interior –no que se integran os 241 restantes-.


En función da zona obtense que o 36% das enquisas realizáronse a residentes das sete cidades de Galicia, o 30% en concellos do litoral galego e o 34% restante en concellos do interior.

Segundo o nivel de estudos o reparto da mostra é bastante equitativo, cun 32% para aqueles con estudos primarios e secundarios e un 37% para os que presentan estudos superiores.

Reparto da mostra por nivel de estudos



Reparto da mostra por zona de residencia



Situación laboral


Desde o punto de vista socioprofesional obsérvanse dous grandes estratos da poboación en Galicia: aqueles que actualmente están traballando –o 44% da poboación- e os pensionistas –o 33% do total-.

Un 10% da poboación está neste momento sen traballo por diferentes motivos ou en diferentes circunstancias: o 1,3% ten paralizada a súa actividade –en situación de ERTE, autónomos,...-, o 2,3% perdeu o seu traballo durante a crise mentres que o 5,3% continúa sen traballo desde antes da crise. O 1,3% maniféstase actualmente de baixa ou permiso laboral.

Un 6,3% da poboación son estudantes, todos eles de menos de 35 anos.

O perfil laboral non cambia en relación ao observado nos pasados meses de xuño e xullo, con porcentaxes semellantes e mesmo nalgúns casos equivalentes en cada perfil ou estrato. Se acaso, por marcar algunha diferenza, obsérvase agora menor volume de residentes en situación de ERTE.

Situación actual da poboación desde o punto de vista socioprofesional




Situación laboral

Como é lóxico a situación laboral da poboación varía en función da idade, sobre todo para determinados colectivos. Por exemplo, os residentes de menor idade son na súa maior parte estudantes –máis da metade en concreto- mentres que os pensionistas corresponden á poboación de maior idade, de máis de 65 anos.

A poboación entre 26 e 55 anos presenta un perfil parello cunha porcentaxe elevada de residentes que traballan actualmente mais tamén cun volume importante de persoas que a día de hoxe non están traballando por diferentes circunstancias –ben porque xa estaban en paro antes da crise, ben porque perderon o emprego durante a mesma ou porque neste momento teñen paralizada a súa actividade-. Este segmento supón entón ao 24% da poboación no primeiro tramo considerado, de 26 a 35 anos, e entón ao 14-15% nos dous tramos seguintes, de 36 a 55 anos.

Situación actual da poboación desde o punto de vista socioprofesional, segundo tramos de idade



Viaxe por Galicia


A maior parte dos residentes de Galicia manifesta que non realizou ningunha viaxe de ocio pola nosa comunidade neste pasado verán. Así o sinala o 76,8% do total, cifra importante que representa a máis de 1,8 millóns de persoas.

No lado contrario apréciase, por tanto, que o 23,2% dos residentes si realizaron algunha viaxe de ocio por Galicia neste verán, con frecuencia variable: a maioría una soa viaxe –o 9,9% do total-, o 9,1% entre dúas e tres viaxes, e o 4,2% máis de tres viaxes.

Isto supón en termos absolutos que 551 mil residentes realizaron preto de 1,5 millóns de viaxes pola comunidade neste verán, cifra importante que supera dalgunha maneira as expectativas que se sinalaban en xuño, na primeira vaga, cando se estimaba que algo máis de 440 mil residentes tiñan intención de viaxar por Galicia neste verán.

Esta comparativa amosa un incremento ou mellora das expectativas iniciais do 24%, dato moi positivo tendo en conta o contexto negativo e de incerteza provocado pola evolución da pandemia nestes meses posteriores ao confinamento e desescalada de primavera.

Realizou algunha viaxe de ocio por Galicia neste verán?




Viaxe por Galicia


O segmento dos residentes que realizaron algunha viaxe por Galicia neste verán presenta as seguintes características:

- Un perfil novo –o 59% ten menos de 45 anos-, cunha idade media de 44,1 anos –inferior ao segmento que decidiu non viaxar, que ten unha media de idade superior, de 54 anos-
- Cun nivel de estudos elevado –o 54% ten estudos superiores-. Visto desde a óptica inversa, viaxaron neste verán tan só o 8,5% dos residentes con estudos primarios, o 26% con estudos secundarios e o 33% con nivel superior
- Reside principalmente nas cidades –o 48% do total-, ficando a metade restante entre os que residen en concellos do litoral -26,1%- e interior –o 25,6% restante-.
- Presenta maior vínculo ou relación co sector, no sentido de que boa parte dos mesmos afirman ter beneficios directos ou indirectos do turismo –o 70%- e teñen menos aversión á chegada de turistas –o 76% entende positiva ou moi positiva a súa presenza en Galicia-.


Idade media segundo o perfil



Viaxe segundo o nivel de estudos



Viaxe segundo a zona de residencia




Intención da viaxe

Preto da cuarta parte da poboación residente manifesta que ten intención de realizar algunha viaxe de ocio por Galicia neste 2020, no último trimestre do ano, porcentaxe que inclúe aos que o afirman de forma segura –o 12%– e os que manifestan alta probabilidade –o 11% do total-. Un 9% non o ten decidido a día de hoxe.

En termos absolutos son máis de medio millón de residentes os que manifestan intención de viaxar de aquí a final de ano.

No lado contrario obsérvase que en realidade a maioría da poboación –o 67,5% do total– non ten intención de realizar ningunha viaxe por Galicia neste ano 2020 –porcentaxe que en termos absolutos supón pouco máis de 1,6 millóns de residentes na comunidade–.

Ten intención de viaxar por Galicia de aquí a final de ano?




Intención da viaxe

En relación coas vagas anteriores –realizadas en xuño e xullo- apréciase un maior volume de residentes que afirman con seguridade que non viaxarán por Galicia de aquí a final de ano. Este incremento ten certa lóxica por dous motivos:

- O período de referencia da pregunta é inferior –último trimestre fronte a un semestre- e colle a temporada baixa –o verán xa rematou-.
- O situación actual da pandemia é peor pois no momento de realización desta terceira vaga o número de contaxios incrementábase e existían xa restricións en diferentes puntos da comunidade.

Nas dúas primeiras vagas as diferenzas non eran moi significativas na intención de viaxar por Galicia. Mantíñase estable a proporción de residentes que respondían de forma afirmativa, diminuindo a porcentaxe que manifestaba dúbidas –pasa do 20% ao 15%- e incrementábase levemente a proporción daqueles que non tiñan intención de viaxar –do 43% ao 49%-.

Intención da viaxe (comparativa mensual)



Intención da viaxe


A intención de viaxar é maior na poboación máis nova. Neste sentido o 43% dos residentes en Galicia entre 16 e 35 anos manifesta que realizará algunha viaxe pola comunidade neste ano 2020, porcentaxe que baixa ao 24,5% para o tramo de 36-55 anos e ao 13% para aqueles de máis de 55 anos.

Neste último segmento apréciase que o 77% non ten intención de realizar ningunha viaxe neste ano.

En todos os segmentos si se observa unha porcentaxe da poboación que presenta dúbidas. Así o manifesta entre o 9% e o 11% en cada estrato.

En termos comparativos trasládase o comportamento xeral a todos os segmentos de idade, isto é, en todos eles diminúe a porcentaxe de poboación con intención de viaxar, e mesmo con dúbidas, e increméntase a cifra dos que definitivamente non viaxarán neste último trimestre.

Intención da viaxe por grupo de idade




Intención da viaxe

A presenza de factores de risco para o Covid19 é un elemento que neste caso ten certa influencia na decisión de realizar algunha viaxe neste final de ano –ao contrario do que se observaba en xullo cando non se apreciaban diferenzas de comportamento-. Neste sentido a intención de viaxar é maior no segmento da poboación que non presenta en principio ningún factor –nomeadamente enfermidades que poidan agravar as consecuencias do contaxio- fronte aos que si teñen algún elemento de risco. En todo caso en ambos segmentos existe unha porcentaxe importante de poboación que non viaxará neste ano.

O descoñecemento dos riscos inciden de maneira máis negativa na intención da viaxe que a existencia dos mesmos pois un 85% daqueles que ignoran a presenza de factores de risco decide non viaxar.

Intención da viaxe segundo o risco fronte ao Covid19




Intención da viaxe

Segundo o lugar de residencia apréciase que a intención de viaxar é lixeiramente maior na poboación residente nas cidades e en concellos do litoral galego –así o manifestan unha cuarta parte dos que viven nestas zonas- e algo inferior no segmento que reside no ámbito interior da comunidade –o 18% neste caso-.

O comportamento da demanda ten un carácter homoxéneo a nivel territorial. Neste sentido obsérvase, respecto do que se apreciaba no verán, un descenso da intención da viaxe nos tres segmentos considerados segundo o lugar de residencia. Son caídas importantes que se sitúan no contorno dos vinte puntos porcentuais para os ámbitos urbanos e de interior, e nos 16 puntos para as zonas de litoral.

En termos absolutos son preto de 230 mil residentes nas cidades de Galicia os que manifestan intención de viaxar pola comunidade neste último tramo de 2020.

Intención da viaxe segundo a zona de residencia




Intención da viaxe

A situación laboral e socioprofesional da persoa inflúe na decisión de realizar algunha viaxe por Galicia neste ano 2020. Así no ámbito da poboación activa o comportamento difire levemente entre os que actualmente traballan e os que non. Entorno ao 31% dos primeiros teñen intención de viaxar neste final de ano, porcentaxe que baixa ao 21% no caso dos segundos.

A principal diferenza radica nos pensionistas que maioritariamente decidiron que non viaxará neste último trimestre –así o manifesta o 80% dos mesmos-, cun 13% que en cambio si ten intención de facelo neste ano 2020 –son preto de 100 mil neste caso-.

En todos os segmentos existen un volume de poboación indecisa, que non ten decidido se viaxará por Galicia neste ano. Supón entorno ao 9-10% da poboación activa –que traballa ou está en paro- e o 7% dos pensionistas.

Intención da viaxe segundo a situación socioprofesional



Intención da viaxe

O 13% da poboación residente repetiría viaxe por Galicia neste ano 2020 –viaxou no verán e ten intención de facelo neste final de ano-. Responde a un perfil que aparentemente viaxa con frecuencia pola nosa comunidade. Un 60% en cambio –a porcentaxe máis elevada nesta segmentación- defínese polo contrario, non viaxou no verán nin o fará agora no final de 2020 –son máis de 1,43 millóns de residentes que claramente manifestan que non viaxaron por Galicia neste ano-.

Entorno ao 9% mantense con dúbidas e o 18% aproximadamente cambia o seu comportamento nestes dous períodos.

Con perspectiva temporal obsérvase que as expectativas melloran a medida que se achega o período de referencia na intención da viaxe, con independencia de que finalmente esta se realice ou non. Neste sentido, en comparación coas vagas anteriores, obsérvase agora maior volume de persoas que teñen intención de viaxar neste final de ano –case 300 mil de forma segura- fronte aos que manifestaban dita intencionalidade en xuño ou xullo –menos de 200 mil naquel momento-.

	Viaxou no verán	
	Si	Non
Intención viaxe 4TR 20		
Viaxará 4TR 20	12,8%	10,6%
Dubida	3,2%	6,0%
Non viaxará	7,2%	60,3%


Beneficio do turismo

Un 59% da poboación residente en Galicia sinala obter algún beneficio económico da actividade turística, ben directamente –o 31%- ou ben indirectamente pero de forma relevante –o 28% neste caso-.

O 32% en cambio manifesta que non obtén ningún beneficio, nin directa nin indirectamente.

A porcentaxe de poboación que afirma obter beneficio do turismo sitúase no 66% entre a máis nova –aqueles de 16 a 35 anos-, no 70% para os de 36-55 anos e no 46% para os de máis de 55 anos. É maior no segmento da poboación que actualmente traballa –o 70% dos mesmos sinala obter beneficios económicos- fronte aos que están en situación de desemprego –o 58%- ou xubilados –o 43% neste caso-. Aínda que son porcentaxes inferiores son tamén importantes e dan idea de que os beneficios económicos do turismo non dependen en exclusiva da situación laboral da poboación, en particular de si están actualmente traballando ou en desemprego.

Considera que o turismo lle beneficia economicamente?




Beneficio do turismo

Desde unha perspectiva temporal obsérvase, nun sentido amplo, maior volume de poboación con beneficios do turismo na temporada media fronte ao verán. Neste sentido, a porcentaxe de residentes que afirman recibir impactos positivos desde o punto de vista económico –directa ou indirectamente- sitúase no contorno do 58% en xuño e setembro mais fica no 48% durante o período estival. A diferenza non é moi elevada pero si significativa, e apréciase ademais na análise inversa, aqueles que declaran non obter beneficios do turismo –supoñen o 41% do total no verán e o 33-34% na temporada media-.

A porcentaxe dos que sinalan recibir escasos impactos é similar nos tres períodos.

Beneficio económico do turismo, segundo o período de referencia




Beneficio do turismo

A poboación que reside nas cidades e nos concellos do litoral galego declaran ter un maior beneficio respecto dos que residen habitualmente noutras zonas do interior de Galicia. O 61% da poboación urbana sinala ter beneficios do turismo –un 31% de forma directa-, porcentaxe similar á dos residentes en zonas do litoral –o 60%, cun 35% de forma directa- e algo superior aos que residen no interior –o 54% neste caso, cun 28% de forma directa-.

Visto desde a óptica contraria apréciase mellor a diferenza do interior fronte ás dúas restantes zonas. Neste caso a porcentaxe de poboación que non recibe ningún tipo de beneficio económico do turismo sitúase no 37% fronte ao 28% dos que reside nas cidades ou o 32% que habita en zonas do litoral da comunidade.

Beneficio económico do turismo, segundo a zona de residencia



Percepción e valoración


O 65% da poboación residente en Galicia considera positiva ou moi positiva a presenza de turistas na nosa comunidade. Un 19% opta pola neutralidade, isto é, nin positivo nin negativo, mentres que o 16% considera que é negativa ou moi negativa.

A valoración da presenza de turistas en Galicia realízase nunha escala de 0-10 sendo

- 0: Extremadamente negativa
- 5: Neutral
- 10: Extremadamente positiva

Nesta escala a valoración media sitúase agora en setembro en 6,5.

Como valora a presenza de turistas en Galicia?



Valoración
media


6,5

Percepción e valoración


En comparación cos resultados obtidos en xuño e xullo, nas vagas anteriores, obsérvase unha notable mellora da percepción e valoración dos residentes respecto da presenza de turistas en Galicia. A porcentaxe de poboación que se amosa receptiva e positiva sobe en máis de vinte puntos respecto do verán -pasa do 43% ao 65%- e, pola contra, descende a cifra dos que se amosan neutrais ou ben decaen nunha posición máis negativa. A valoración media sobe do 5,3 ao 6,5 nestes dous meses.

Cun enfoque máis amplo pódese concluír que esta mellora na percepción e receptividade dos turistas ten que ver en grande medida co momento do ano. Agora en setembro a presenza de turistas é menor –sobre todo neste 2020- e, por tanto, dificilmente poden xerar conflitos ou impactos negativos coma noutros momentos de maior afluencia. Acontece ademais, sobre todo en comparación co observado en xuño, que desaparece ou se dilúe o temor ao contaxio e á propagación do virus por culpa do incremento da mobilidade da poboación e a chegada de turistas –porque diminúe agora en setembro e porque dalgunha maneira constatouse que este factor non afectou de forma decisiva no verán-. A incerteza e o medo á propagación que se sentía e manifestaba antes do verán desaparece agora en setembro.

Porcentaxe de residentes con valoración positiva ou moi positiva



Valoración media



Percepción e valoración


A mellora da valoración e, por tanto, o incremento na receptividade positiva de turistas é unha característica que se observa en todos os grandes segmentos da poboación. Neste sentido sobe a valoración media en todos os rangos de idade –en máis dun punto-, nos dous perfíles por xénero así como nos tres segmentos considerados segundo o nivel de estudos –entre once e trece décimas neste caso-.

Atendendo só aos datos de setembro apréciase, igual que acontecía en vagas anteriores, mellor valoración e receptividade por parte da poboación máis nova fronte aos maiores –a puntuación máis alta corresponde aos residentes de entre 16 e 25 anos cun promedio de 7,0 e, pola contra, a valoración máis baixa sitúase no tramo de poboación de máis de 75 anos, cun 6,3 neste caso-.

Tamén se aprecian diferenzas importantes no nivel de estudos, variable asociada á anterior da idade, con menor receptividade por parte do segmento de estudos primarios e, en cambio, mellor acollida por parte do segmento de estudos superiores.

Tal como cabe esperar, as diferenzas por xénero son apenas perceptibles.

Valoración da presenza de turistas en Galicia, por grandes segmentos e períodos de referencia



Percepción e valoración


Tal como acontecía nas vagas anteriores obsérvase mellor valoración e, por tanto, maior receptividade no segmento da poboación que obtén algún tipo de beneficio económico do turismo –cun 7,1 de media marca o valor máis alto de todos os segmentos- fronte ao que non percibe nada –segmento que, pola contra, asigna a puntuación máis baixa, cun 5,7 de media. A mellor valoración provén, por tanto, do perfil máis vinculado directa ou indirectamente á actividade turística.

Tamén se aprecia mellor valoración no segmento máis predispuesto a viaxar pola comunidade neste ano 2020 fronte ao que decide non facelo. Dalgunha maneira, sexa por ocio, traballo ou motivos persoais, teñen maior vinculación coa actividade turística desde o lado da demanda.

Por ámbitos de residencia as diferenzas son menores rexistrando en todo caso mellor valoración por parte da poboación residente no litoral galego –probablemente máis vinculada á actividade turística- fronte aos que residen no interior.

En relación ao covid apréciase maior reticencia no segmento da poboación con algún factor de risco aínda que as puntuacións medias son moi parellas. Tal circunstancia xa acontecía nos pasados meses de xuño e xullo.

Valoración da presenza de turistas en Galicia, por segmentos




Percepción e valoración

O posible impacto positivo desde o punto de vista económico é un factor importante á hora de entender as diferenzas de valoración en relación á presenza de turistas en Galicia, e afecta por igual ás distintas zonas de residencia neste mes.

Neste sentido os segmentos que presentan unha valoración máis positiva son aqueles que obteñen beneficios da actividade turística independentemente da zona onde se resida. Este factor mellora, por exemplo, nun punto a valoración media da poboación residente nas cidades, en máis dun punto a dos residentes en zonas do litoral e en case dous puntos a dos residentes no interior –nesta zona a influencia do beneficio económico é maior pasando de 5,3 de media aqueles que non obteñen rendas a 7,2 para os que si aprecian beneficios-.

Tamén neste caso se observan mellores valoracións en setembro fronte ás rexistradas nas vagas anteriores de xuño e xullo, con diferenzas máis notorias no segmento que obtén beneficios e reside en zonas do interior da comunidade.

Valoración da presenza de turistas en Galicia, segundo o beneficio do turismo e o ámbito de residencia




Percepción e valoración

Nos tramos amplos de idade apréciase, con carácter xeral, mellor valoración nos segmentos máis novos –de 16 a 25 anos- cun promedio de 7,0. A puntuación máis baixa concéntrase na poboación maior, de máis de 65 anos, cun 6,3. Esta situación é similar á observada nas vagas anteriores de xuño e xullo sendo que ademais neste mes de setembro as valoracións melloran en todos os segmentos de idade.


A cuestión do beneficio económico do turismo é un aspecto que inflúe tamén na situación socioprofesional do residente. Neste caso afecta positivamente aos tres principais segmentos considerados: aos que actualmente traballan, aos que están sen traballo e aos pensionistas, pois en todos eles a percepción de rendas por parte da actividade turística inflúe positivamente na valoración –aínda que con maior intensidade no segmento que traballa actualmente pois as diferenzas de valoración pasan de 7,2 entre os que perciben beneficio a 5,4 para aqueles que non obteñen nada-.

A comparativa temporal amosa tamén que en setembro melloran as valoracións en todos os segmentos considerados, agás no caso dos pensionistas alleos á actividade turística –presentan maior receptividade en xuño mais con pequenas diferenzas-.

Valoración segundo a idade



Valoración segundo beneficio e situación laboral, por vagas




Percepción e valoración

Tamén se aprecian diferenzas nos distintos segmentos da poboación segundo a idade e o beneficio económico do turismo. Neste sentido obsérvase que:

- A obtención de beneficio económico da actividade turística, sexa de forma directa ou indirecta, inflúe positivamente en todos os tramos de idade aínda que se aprecian diferenzas de intensidade.
- Os grupos onde se observa maior diferenza, isto é, maior influencia do beneficio económico son aqueles de idade intermedia sobre todo os de 46 a 55 anos-. Valoran cun 7,1 os que obteñen beneficio fronte ao 5,2 dos que non perciben nada.
- A mellor valoración neste contexto corresponde ao tramo de 56-65 anos con beneficio económico, cun 7,4 de media.
- No lado contrario as diferenzas son menores no tramo de 66 a 75 anos, con apenas seis décimas –de 6,2 e 6,8 puntos respectivamente-.

Valoración da presenza de turistas en Galicia neste verán, segundo o beneficio do turismo e os tramos de idade



Enquisa a residentes de Galicia

Setembro 2020

galicia

